TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº5 · xaneiro-marzo 2009 1€

Entrevista a Pepa Nieto

Neste número:

Cartas forais... (IV).

Xoán Mourís Campos, represaliado pola Falanxe.

O catolicismo no s. XXI (I).

A crise económica actual.

Músicos de Outes.

Unha viaxe ás costas do Báltico.

e as nosas seccións habituais...

Editorial

Os novos amos e o Plus da vergonza

Na última reforma da Lei da función pública de Galiza, BNG, PP e PSOE pactaron o establecemento dun plus vitalicio para aqueles funcionarios que durante dous anos exerzan os cargos de conselleiro, secretario xeral, director xeral, persoal de gabinete, alcalde, deputado autonómico ou estatal, senador e outros cargos políticos. Os beneficiarios recibirán para sempre na súa nómina o importe necesario para igualar o complemento de destino ao dos directores xerais do estado: 15.015, 97 euros anuais, de tal xeito que dependendo do nivel do funcionario, en proporción inversa ao seu complemento de destino, suporá sobresoldos que van dende os 3.400 euros até os 14.100 euros anuais, por un traballo que non se vai facer: é dicir, estamos ante un pago sen contrapartida a costa do contribuínte. E con efectos para recoñecelo dende 1981. Esta disposición foi pactada entre os partidos nunha comisión do Parlamento, dun xeito totalmente opaco, ocultándolla aos sindicatos da función pública. O custo económico do abuso é inmenso, sendo ademais unha cifra que vai medrando ano a ano, pois constantemente son cesados e nomeados este tipo de cargos e ademais a cantidade de referencia, ao ser un concepto retributivo, tamén se irá revisando; para colmo o goberno bipartito oculta nos orzamentos da Xunta o importe do plus con diversas manobras contables para que os cidadáns non saiban o prezo económico desta cacicada. Pero máis alá do diñeiro público está o atentado esencial contra a democracia que supón este privilexio. O plus da vergonza supón a fractura absoluta entre os cargos políticos e a sociedade. A representación política pasa a ser entendida como unha forma parasitaria de exercer o poder, non para o cidadán senón a costa do cidadán, que o pasa mal para pagar uns impostos para sufragar un plus a cambio de nada. Ademais da inxustiza social, estamos ante un atentado á carreira administrativa dos funcionarios que verán como xorde unha caste beneficiaria do enchufismo político que sepulta os principios de mérito e capacidade, cobrando un sobresoldo respecto aos seus compañeiros por un traballo que non van facer, porque tiveron dous anos un cargo político. O escritor Francisco Rubiales di na súa obra Políticos, los nuevos amos que, desaparecidos os señores feudais e os caciques, xorden os novos amos, que son os que din representar e usurpan o poder lexislativo para, por exemplo, autoadxudicarse unha pensión vitalicia a costa do esforzo alleo. Xa se ve a forza que seguen tendo os cargos políticos do PP e xa se viu para que querían BNG e PSOE o poder baixo un disfraz progresista. Agora todos os partidos políticos tratan de retrasar o máximo posible a tramitación da iniciativa lexislativa popular presentada no Parlamento de Galiza para derrogar este abuso. Víctima do aquelarre político: o país, e sobre todo as súas persoas. Castelao queixábase con retranca nunha autocaricatura de qué sería del sen caciques; pois non pasaría nada, agora tería tamén moito traballo como debuxante dos novos amos, que utilizaron o poder para impor o plus da vergonza.

INDÍCE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6
Reportaxe	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Medioambiente	páxs. 10 e 11
Economía	páx. 12
Música	páx. 13
Viaxes	páx. 14
Os papeis de Añón	páx. 15
Foto Antigüa	páx. 16
Novos artístas	páx. 16

Director:
Xosé M. Vázquez
Consello de Redacción:
Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco
Edita:
A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com
Maqueta e imprime:
Grafinoia, S.L.

Cervexería ESTACIÓN
Burguer - Bocatas - Tapas
Avd. do Rocio s/n
Serra de Outes Telf. 981 85 07 04

JOSEMA Seguros
Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

II Muiñada

O pasado 15 de novembro tivo lugar o último acto da II Muiñada, as xornadas coas que a Asociación *Terra de Outes* quere exaltar o noso patrimonio cultural e que nesta ocasión, en colaboración co concello de Outes e a Deputación de A Coruña, adicou á indumentaria tradicional, cunha exposición de traxes galegos elaborada primorosamente pola Agrupación folclórica *Ximiela* de Louro e inaugurada o día 19 de outubro polo presidente da deputación Provincial Salvador Fernández Moreda, acto ao que seguiu a presentación do libro *A indumentaria tradicional galega*, do escritor Clodio González e con fotografías de Suso Xogaina. Pecháronse estas xornadas cun campionato de trompo que se celebrou no Campo da Feira e no que participaron máis de 50 rapaces e adultos e un magosto popular amenizado pola charanga *Os tabernícolas do leiradal* de Carnota, tras o cal se presentou na Casa da Cultura da Serra o número 4 da nosa revista, coincidindo co seu primeiro aniversario.

Documental sobre NEIXÓN

O **venres, 21** de novembro, a nosa Asociación, en colaboración co *Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe, do* Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (CSIC), no marco da Semana da Ciencia de Galicia 2008, organizou unha actividade de Cineforum, coa proxección na Casa da Culura de Outes do documental **O Neixón, Historia viva dun castro,** seguido da participación do arqueólogo Xurxo Ayán, que dirixiu a súa escavación e que tamén é un dos autores do documental.

Exposición de Xoán Mariño

O día 9 de xaneiro a Asociación Terra de Outes inaugurou unha exposición de pintura de Xoán X. Mariño.

Trátase dunha serie de acuarelas realizadas no 2008 para agasallar aos que foron compañeiros de Instituto do autor, quen, ademais de profesor é tamén escritor e na actualidade preside a nosa Asociación.

Estas pinturas que recollen fundamentalmente paisaxes de Muros e a súa contorna, lugar de destino ata o ano pasado do artista, poderase ver ata o día 24 do presente mes na Casa da Cultura da Serra.

John Turkey
CERVECERÍA

CARTAS FORAIS DOS LUGARES E COUTO DE VARA (IV)

CONVENIOS E OBRIGAS

Mingucho Campos



O día 10 de decembro de 1620 comparecían perante o escriba Francisco Fernández, na vila de Noia, por unha banda o freire-prior do mosteiro de Toxosoutos, Pablo Lirio, e por outra don José de Caamaño, señor da casa e pazo de Rubiáns, para concerta-lo pagamento das catro cargas de centeo e dúas de trigo anuais derivado da renda foral subscrita polo couto de Vara, na freguesía de san Cosme de Outeiro.

Naquel acto don José de Caamaño proporía que as devanditas rendas forais fosen pagadas no sucesivo e polo tempo de duración da carta foral por Martín González da Velga, caseiro e labrador de dito lugar, sito na freguesía de santa María de Nebra.

O freire-prior aceptaría a proposta, do mesmo xeito que Martín González, procedéndose a asina-lo pertinente documento perante as testemuñas: Pedro de Silva, criado de don José de Caamaño; Domingo Maneiro, veciño de Camboño; e Fernando Carou, veciño de Longa.

Transcorridos uns anos, concretamente o día 24 de outubro de 1629, perante o escriba da freguesía de santa María de Rubiáns, Francisco de Lemos, comparecerían: Pedro de Vara (labrador e veciño da freguesía de san Cosme de Outeiro) –actuando no seu propio nome, no de Catalina Vázquez (a súa irmá), os fillos desta e dos herdeiros de Fernando de Vara (o seu pai difunto)– e tamén don José de Caamaño e Mendoza. No encontro acordarían que o pagamento que lle correspondía a don José en virtude do foro que tiña dos lugares sitos no couto de Vara (parroquia de san Cosme de Outeiro), e que posuía o susodito Pedro de Vara, pasaría a ser satisfeito anualmente segundo o estipulado no contrato foral polo posuidor do dominio directo, é dicir, por Pedro de Vara.

No correspondente protocolo figuran as pertinentes sinaturas das partes actuantes. Como Pedro de Vara non sabía asinar pregaríalle a don José que o fixese por el. No devandito protocolo figuran como testemuñas: Alfonso de Puga, Juan Lestón e Clemente Fernández. En pagamento dos servizos prestados o escriba, Francisco de Lemos, percibiría de Pedro de Vara a cantidade de dous reais.



Xoán MourÍs Campos, represaliado pola Falanxe

Xan García

O golpe militar de xullo de 1936, como xa sabemos, vai supoñer unha vaga de terror en todo o Estado Español. A Falanxe, como aliada do levantamento fascista, vai ser un dos principais brazos executores desta barbarie. Na nosa comarca, xa temos tratado o "paseo" de Luis Barrena e o fusilamento do sindicalista de Ceilán Maximino Martínez, quen formaron parte dunha tráxica lista que se completa con outros mártires da comarca, como é o caso do tamén fusilado Cipriano del Río, líder obreiro de Pontenafonso, morto no paredón de Boisaca.

Pero ademais, a represión non só se executou coa eliminación física de persoas defensoras do réxime contitucional lexitimamente establecido, senón que tomou outras formas que, sen seren tan tráxicas, formaban parte do amplo catálogo de métodos represivos. Neste sentido, no noso concello, están os casos dos desterros (Manuel Barreiro –a quen destituíron tamén do seu posto como carteiro–, Eladio Míguez, ou o mestre Manuel Blanco), ou as malleiras executadas polos membros da Falanxe a persoas como Manuel Lage, o propio Eladio Míguez –quen as sufriu ata practicamente o final da ditadura–, ou o caso que nos ocupa, o de Xoán Mourís Campos.

Xoán Mourís Campos nacera na Serra de Outes un 23 de xuño de 1898 no seo dunha humilde familia. En 1927 casou con Angustias Caamaño Gómez, filla dun taberneiro da Rúa da Cruz. As súas fillas Carola e Pepita relatáronnos amablemente esta historia:

O matrimonio asentouse na casa do sogro de Xoán, Xosé Caamaño, lugar onde rexentaba a taberna, xusto a carón da Casa Cuartel da Guardia Civil, que, por certo, era tamén da súa propiedade e tíñaa en réxime de aluguer. Nese mesmo ano de 1927, o empresario Ramón Alborés instala a carón do peirao de O Cunchido unha fábrica de madeira, na que Xoán Mourís comezou a traballar uns anos máis tarde.

Retrato de Xoán Mourís

Ramón Alborés figura nun informe de 1935 como militante da CEDA (Confederación Española de Derechas Autónoma) de Gil Robles, xunto con outras persoas "influentes" e de "intachable moralidad y prestigio" entre as que se atopaba Benito Tuñas Paz.

Comentan Carola e Pepita que as condicións de traballo na fábrica eran infrahumanas, situación á que Xoán Mourís tentou poñerlle freo logo de que os seus compañeiros o elexiran como delegado sindical: *"…cobraban pouco e estaban explotados traballando moitas horas e papá sempre defendeu aos compañeiros que o elexiran como representante…"*.

O compromiso de Xoán Mourís coa causa obreira púxose unha vez máis de manifesto cando o empresario despediu a un traballador: *"...ese día o xefe despediu ao Parrulo e papá e os compañeiros pararon de traballar..."*.

Nesta situación, o empresario Ramón Alborés tentou que volvesen traballar na fábrica, pero os obreiros nunca máis volveron, fartos da situación de precariedade que sufrían. As ameazas do patrón non se fixeron esperar e díxolle a Mourís: *"...xa mas pagarás, tarde ou cedo pero has de pagalas…"; "...pero papá nunca volveu ao Cunchido e foi o Sr. Pepe, un electricista que vivía na Xurisdición, quen lle deu traballo, era moi bo home..."*.

Debemos situarnos no contexto dos meses previos ao verán de 1936, recén elixido o goberno republicano, nun clima social e político moi axitado no que a dereita española, derrotada democraticamente, incitaba constantemente con proclamas golpistas. No Concello de Outes constituírase a Corporación Republicana o 10 de marzo, nomeando ao médico e deputado provincial Henrique González como novo alcalde e substituíndo ao anterior, Xesús Martínez Arcos.

Por certo, queremos comentar que, segundo o testemuño de Tomás Arcos, fillo de Luís Arcos Martínez (que fora elixido concelleiro socialista en 1931 xunto con Xesús Martínez), as ameazas recibidas por Luís en 1936 por parte da dereita –*"...Luis, te aconsejo que dejes la política, porque España caerá, tarde o temprano, pero caerá."*–, fixeran que este renunciase a ser alcalde, accedendo ao cargo o sindicalista Xesús Martínez.

Ameazas curiosamente semellantes ás que Ramón Alborés lle proferiu a Xoán Mourís no aserradoiro, unha coincidencia que nos pon de manifesto que o golpe de Estado estaba xa en marcha e a dereita estaba, polo tanto, preparándose.

Logo do golpe de Estado de Franco, no mes de xullo, a comarca tarda poucas semanas en caer en poder dos sublevados. De feito, en Outes, o 5 de setembro, xa se constitúe o Consejo Municipal, organismo imposto transitoriamente polas autoridades militares que substituíron ás corporacións democráticas, e que foi presidido no noso Concello por Benito Tuñas Paz e composto por outras persoas de ideoloxía fascista (un bo número deles membros da CEDA). A Falanxe protagoniza dramaticamente esta etapa: *"...aquí viñeron dar o aviso varias veces, e papá durmía no faiado, e tamén viñan durmir Ramón de Cambeiro e Xermán do Coxo, que traballara con el na fábrica. Tiñan moito medo porque os de Falanxe levaban á xente e no centro (así se denominaba o local qie utilizou a falanxe) daban malleiras. Pegáronlle a Lage e a Eladio e a máis homes..."*.

Os avisos viñan sobre todo dun garda civil, Serxio, curiosamente cuñado de Xoán, quen, segundo contan as irmáns Mourís, *"axudounos moito"*.

Pero un día de feira, á tardiña, a Falanxe mandou recado por un mozo, Ramón Suárez, para que Xoán Mourís se presentase no local da Falanxe, e relatan: *"...miña nai díxolle chorando que non fose que o ían mallar, pero meu pai accedeu a achegarse á casa da Falanxe, alí, na carretera de Muros, ao lado da de Cereixo..."*.

Cando chegou, Xoán Mourís viu como xa mallaran en Xermán, o seu amigo e compañeiro de traballo e a quen protexera na súa casa. As persoas que o recibiron eran da Falanxe de Esteiro *"...porque os daquí iban a Muros, e facían así..."; "…metérono nun cuarto e mentres lle pegaban viu como entre a porta medio aberta asomaba o rostro dun falanxista da Serra, Xoán García Rodríguez, que estaba a rir sen parar mentres mallaban en papá..."; "...despois alguén lle axudou a chegar ata a casa e mamá choraba de rabia ao ver a papá cheo de golpes e feridas por todo o corpo..."; "...e tivo que estar varios días ata poñerse ben, con parches de vinagre e alcol. Foi terrible"*.

Resulta que este Xoán García Rodríguez, ven ser unha das persoas que o 21 de setembro de 1936 organizaron oficialmente a Falanxe en Outes, xunto con persoas que foran da CEDA, e que segundo contan estas irmás: *"...logo destas animaladas, Franco pagoulles con postos de traballo, eran os premios aos balillas falanxistas, algúns como este incluso foron postos nos axuntamentos..."*.

Poucas dúbidas podemos ter na relación entre este feito e a actividade sindical de Xoán Mourís na fábrica de Ramón Alborés. Fose como fose, o caso é que se trata dun exemplo máis das accións de represión e persecución que levou a cabo a Falanxe, un dos brazos executores da barbarie franquista, case sempre en base aos "informes" de persoas afectas ao "Glorioso Movimiento Nacional" que tentaron conducir o Estado Español "hasta la victoria final en el camino hacia Dios".

Hai que destacar que o denominado "centro", o local utilizado pola Falanxe, está situado no que hoxe é a Avenida de Fisterra, a moi poucos metros do Concello, unha rúa que se chamou Avenida de José Antonio, en honra precisamente do fundador desta organización fascista.

Coa ditadura xa implantada, Xoán Mourís continuou traballando para sacar á súa familia adiante e, quizais pola influencia do seu cuñado Serxio, as cousas quedaron aí. Aínda así tivo que soportar ata o final do franquismo a presenza case cotiá de Xoán Rodríguez, funcionario do Concello, na súa taberna.

Así ocorreron estes feitos, segundo o relato das fillas de Xoán Mourís, quen antes de morrer, o 12 de marzo de 1984, confesou que estaba tranquilo, logo de volver ver a esquerda no Goberno do Estado.

GASTRONOMÍA

FLAN DE CAFÉ

Ingredientes:

- 1 litro de nata líquida.
- 1 paquete de *Flan Royal* (8 flans).
- 1 vaso de café de pota.

Elaboración:

Botar a nata nunha pota; cando ferva engadir o contido do paquete de Royal, remexer un pouco e logo engadir o vaso de café. Ó voltar ferver está lista para poñela nun molde caramelizado.

Deixar enfriar para que vaia callando. Antes de comelo é mellor metelo no frigorífico unha ou dúas horas.

Sara Molinos. Alumna do IES Poeta Añón.

Opinión

Señores Rexedores

O cidadán de a pé pregúntalle ó goberno local ata que punto fai tanta falta, ou urxe tanto, meter un puñadón de cartos para volver facer todo de novo menos as catro "paredes" da ditosa, gloriosa e mal ubicada, a día de hoxe, Casa do Concello. No ano 1929 tiña un sentido o lugar que ocupa, pois había menos vehículos en circulación, menos poboación, coas características daqueles anos. Pero agora, no 2009, é un estorbo na vía principal, pois non pasan dous camións un polo outro… Incrible!! O caos... e para colmo os Rexedores queren enterrar un millón de euros en ano e medio con algún que outro anexo lateral, pero continuando co problema… e ó final que batan as contas. Xa nos enteraremos…

E o mesmo cidadán de a pé pregúntase se non valería a pena facer unha Casa do Concello nova (a gastar os cartos), pero noutro sitio que non trastornase tanto o tránsito, pois sitios hainos… pero o que non hai é a Iniciativa… Rexedores!!

E outra, nestes tempos de crise clama ó ceo meter tantos cartos nun lugar no que non hai tantos anos se enterraron outros poucos, pero como non doen... pois ala, que a poboación do Concello non medrou... ou si?... E se non que llo pregunten a ese cidadán de a pé... Rexedores, que hai que viaxar máis... (polo Concello!!)... que hai moitas necesidades no Concello... señores Rexedores!!...

Lusco e Fusco

Lecturas recomendadas

A carpintería de ribeira e os estaleiros no Concello de Outes

Este pasado 14 de novembro o noso amigo Xoán García, arroupado polo Alcalde, un representante da Editorial Toxosoutos e mais polo seu colaborador Pedro G. Vidal, puxo en coñecemento da cidadanía o seu magnífico libro sobre a carpintería de ribeira e os estaleiros no Concello de Outes. Tras unhas breves pero sentidas verbas en agradecemento dos seus acompañantes, o autor, con ese toque irónico, detallounos ós presentes unha serie de anécdotas acaecidas durante o tempo de xestación deste afortunado e demandado libro.

Dende aquí anímovos a participar nunha lectura amena e concisa na historia de moitos barcos e estaleiros, algúns de tanta sona na bisbarra e tan familiares. Non vos defraudará. E para Xoán, os meus máis sinceros parabéns. Unha aperta.

Xastre

HUMOR

O CATOLICISMO NO S. XXI (I)

SOTANAS MOLLADAS

Olalla Tuñas Martínez

O sino da Igrexa pasa pola zamarra vermella de Jaime. El naceu en La Habana coa caída do bloque soviético e decidiu seguir o camiño da Igrexa no Seminario Menor de Mondoñedo. "A Igrexa funciona coma un pai que esixe" ante o seminarista, Jaime é un fillo obediente á par que unha cabeza pensante sobre as areas movedizas do Evanxeo.

"Hoxe en día, ser seminarista é politicamente incorrecto" di e fai unha pausa agardando a miña seguinte pregunta. As causas do declive vocacional nos seminarios galegos el atópaas no frenético ritmo da sociedade, un bulir de ruídos que impide a meditación dunha xuventude que se resolve como triste e autómata.

As dioceses galegas contan con 13 rapaces matriculados no primeiro curso da carreira eclesiástica; en total son 26 os que acudiron ás aulas este mes de outubro, 19 rapaces menos que no curso 98/99. A pirámide de idade dos sacerdotes foi acollendo unha forma de embude cada vez máis acentuada e chegará o momento no que será materialmente imposíbel que os sacerdotes poidan acudir a todas as parroquias. Xa se puxo en marcha un plan para a súa reestruturación e concentración. Serán pasos difíciles, lentos pero constantes, ó igual que o camiñar dun grande elefante. Pódese dicir que o andar pausado é un dos trazos do camiñar do catolicismo ó longo dos séculos, foron alancadas que nunca se adiantaron á sociedade e que non sempre foron na dirección da mensaxe de Cristo. O camiñar tardo, calmoso, é o propio tamén da ancianidade. Dende os bancos das Igrexas os rezos son maduros, os máis novos fican á marxe das pregarias.

O camiñar da Igrexa é lento pero constante, coma os pasos dun elefante

Mudanzas nos costumes

O silencio imposto e ese continuo besbello que acompañaba a misa é algo que toda xeración recorda cunha mestura de respecto e anécdota. Ninguén calaba pero tampouco había quen alzase a voz máis que aquel home de negro que falaba dende a fronte con voz cerimoniosa. Na retina queda esa imaxe sacra dunha Igrexa intocábel e afastada da comunidade que crea rexeitamento a todo o que teña que ver cos curas. "Hai sacerdotes que non deron unha boa imaxe e iso pesa moito" constata Jaime. Ese escurantismo de acción, a falta de transparencia económica e as cabezas erguidas enriba do *alzacuello* tendían a cerrar máis portas das que abrían. Malia todo isto eles tiñan o poder, a xente escoitábaos con admiración aínda sen comprender latín e eran unha das figuras de autoridade na sociedade a carón do médico, o alcalde e a garda civil.

Depuradora de Marlscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Poesía

Paz

A paz non é todo
sen a paz non hai nada.
W. BRANDT

Se eu che puidera falar
cunha voz que che chegara
e a tomaras como túa.
Se fixeras realidade o que che pido
cada día que nazo.
¡Que alegría lle darías ó mundo!
Pero vásteme sempre
como un desexo inalcanzable.
Sempre
como unha escena continuada
que se rompe,
onde hai un peixe que apenas sobrevive.
E fasme falta
aquí,
nesta rúa.
Porque o mundo está aquí,
nesta rúa
onde escoito o pranto.
E é orfandade, seguro,
o que tocan as miñas mans.
É un tanque
que entrecruza a miña porta
e a de todos.
Non importa quen decide.
Sobrepasan os límites da árbore
que intentaba salvarse.
Sinto
que a miña oración non sirva.
E, máis aínda,
que te deslices pola miña boca
e eu cale
cando o planeta Terra é todo grito.
Non te me perdas hoxe,
palabra, como o aire,
así, sen máis,
co sangue recente.

Do libro *Como ceniza*, gañador do XIV premio internacional de poesía "Antonio Oliver Belmás", 1999.

Entrevista con Pepa Nieto

Pepa Nieto Busto naceu en S. Ourente en 1943. Estudou idiomas en Alemania e Inglaterra, á vez que traballaba, ata que se estableceu en Madrid, onde casou e desempeñou labores primeiro de secretaria bilingüe e logo nun departamento de marketing, mentres seguía estudando alemán no Instituto Goethe. Alí na capital, onde aínda vive, construíu unha personalidade literaria moi coñecida nos ambientes poéticos madrileños e tamén desenvolveu unha actividade artística de renome nos eidos da cerámica e a escultura.

- **Díganos, cando comezou vostede a escribir?**
- Desde moza interesoume a literatura, pero ata que empecei a participar en Madrid en obradoiros literarios non me decidín a tomalo en serio e presentarme a algúns certames literarios.
- **E ganou algún?**
- Si, o premio de poesía "Antonio Oliver Belmás" outorgado pola Universidade Popular de Cartaxena e a Consellería de Cultura da Comunidade de Murcia, en 1999 e despois o 1º premio de "La Flauta Mágica", de Madrid.

- **Supoñemos que estes recoñecementos a animarían a vde. a publicar.**
- Xa antes, ser finalista do "Carmen Conde" ou "Nicolás del Hierro" abriume as portas para publicar o meu primeiro libro *"Vencida por septiembre"* en 1998.
- **Pero enseguida viñeron máis, non?**
- Efectivamente, no 2000 saíu *"Como ceniza"*, o poemario galardoado o ano anterior en Murcia, aínda que o seguinte libro houbo de esperar ata o 2004, cando se editou *"Antes y después, el mar",* todo el adicado a Galicia.
- **Mais recentemente vén de publicar un novo poemario.**
- Si, trátase de *"La mano* del *ángel"*, que se presentou hai pouco na Casa de Galicia en Madrid e o mes pasado na librería Aenea de Santiago, nun acto moi emotivo para min, porque era a primeira vez que presentaba unha obra miña en Galicia.
- **Cóntenos algo deles.**
- Son libros de poesía intimista e amorosa fundamentalmente, pero tamén abordo temas de carácter humanista e solidario, con linguaxe coloquial que o escritor Leopoldo de Luis calificou de "lírica pura" e Vicente Araguas encontrou neles sobre todo autenticidade, pero tamén xenerosidade e complexidade, aínda que cunha exposición diáfana.
- **Virtudes que lle deron recoñecemento internacional, non é certo?**
- Pois si, primeiro unha Mención de Honor no certame "Erótica de Nueva Paz", en Cuba e, despois, no 2006, unha invitación oficial

por parte da Asociación Canadiense de Hispanistas para participar no XLII Congreso celebrado na York University de Toronto, onde, ademais de varias lecturas poéticas e impartir unha conferencia sobre "Poesía actual feminina no panorama español", que despois repitiría na Universidade Concordia de Montreal, participei na V Exhibición Internacional de Poemas Poster, qu nesa ocasión homenaxeaba ao difunto poeta Leopoldo de Luis, para a cal cedín a imaxe dunha das miñas esculturas.

- **Porque, por outra parte, vde. tamén se adica á escultura.**

- Tamén, si. A escultura, ao igual cá miña obra poética xoga un papel importante na miña inclinación polas imaxes que emerxen da miña imaxinación. Sempre se dixo que poesía e escultura van xuntas da man. Se ben é certo que o propio artista non sempre é consciente diso, como ocorre no meu caso, sen embargo, algúns críticos coinciden en sinalar que as miñas obras plástica e poética van unidas, tanto como que o escritor Miguel Ortega Isla sinalou que "*contemplando as súas esculturas ou lendo os seus poemas, non sabemos se esculpe versos ou escribe esculturas*" referíndose a estas dúas facetas creadoras miñas.

- **Pero vde. aínda tén outra faceta máis, a de promotora cultural.**

- É certo, ademais de intervir en múltiples actos literarios no Ateneo, no Círculo de Belas Artes, a Casa de Galicia ou a Casa de América, son cofundadora hai máis de dez anos da tertulia literaria "La Manuela" que reúne poetas recoñecidos e mozos que comezan a versificar, coordino a tertulia "Arco Poético" na Biblioteca Pública do Retiro da Comunidade de Madrid que se celebra cada mes e na que participan tanto poetas nacionais como internacionais e, ademais, presido a Asociazón de Mulleres Galegas no Exterior "Rosalía de Castro", fundada en Madrid no 2000.

- **Tanta actividade non lle deixará marxe para darse a coñecer na súa Terra.**

- Verdadeiramente, é o desexo que me falta por cumprir: publicar a miña obra en galego e expoñer as miñas esculturas en Galicia e, desde logo, nada me gustaría tanto como que en Outes houbese unha peza miña.

Pola nosa banda agradecémoslle profundamente a atención que nos adicou nesta súa breve estadía entre nós, ao mesmo tempo que lle transmitimos a nosa admiración polo seu labor e o noso desexo de que a súa obra forme definitivamente parte do noso patrimonio cultural, tan falto como está de talentos como o seu.

A Escultura

A que é debida a súa incursión neste eido?

Xa desde pequeniña, que elaboraba sombreiros sancosmeiros coa miña nai, sempre me gustou a creatividade manual, pero se ben aquela era unha actividade moi mecánica, desde hai tempo o que me interesa é plasmar imaxes máis imaxinativas.

Fixo vde. estudos de escultura nalgún momento?

Asistín a algúns obradoiros de cerámica e logo perfeccionei a miña técnica co escultor Enrique Salamanca e despois coas artistas Elena Colmeiro, María Medici e María Oriza.

Con que materiais traballa?

Case sempre en barro, pero ultimamente tamén en ferro.

Expuxo a súa obra nalgunha ocasión?

En moitas. Algunhas veces de forma colectiva, como as exposicións que desde 1993 se realizan anualmente no Centro Cultural Nicolás Salmerón, tamén na sala da Obra Cultural Caja Madrid, en 1996, tres anos despois no Café-concerto El Prado, no concello de Majadahonda, no 2000, en Sevilla e máis na galería Itaxo de Zaragoza. E noutras ocasiónss de xeito individual, como as realizada na Sala de arte e pensamento da Fundación Marayá, en 1999, na Galería Albaquercus no 2000 e na Casa de Galicia de Madrid no 2005.

E, ademais de boas críticas, recibiu algunha distinción.

Se se lle pode chamar así, obras miñas foron seleccionadas no Concurso anual de Artes Plásticas, na modalidade de cerámica, organizado polo concello de Majadahonda (Madrid) no ano 2000 e no XXI Certame Nacional de Cerámica convocado pola Obra Cultural Caja Madrid, no ano 1996.

Díganos algo da súa escultura.

Eu o que quero á hora de realizar algún traballo é dar vida e sensualidade á materia que utilizo, pero o máis importante é que sexa cun toque moderno e actual. Algúns críticos din que reflicte a miña alma galega, quizais sexa porque moitas das miñas obras están relacionadas co mar.

Finalmente, ten algún proxecto en preparación?

O máis inmediato é unha exposición colectiva na Casa de Galicia de Madrid, no mes de marzo e, despois, nos meses de maio e xuño, outra individual na Galería Sargadelos tamén de Madrid e tamén estou considerando unha petición que me fixeron para expoñer na cidade italiana de Udine no mes de outubro.

Para rematar non nos queda máis que transmitirlle os nosos parabéns por tan impresionante actividade e expresarlle o noso orgullo por levar o nome de Outes polo mundo adiante.

Pepa Nieto "Vuelo ensimismado"

PODEMOS SALVAR A RÍA (IV)

Xesús do Río da Torre

Despois de tratar diversos temas que afectan á saúde da ría de Muros e Noia, como o urbanismo depredador, o tratamento de augas residuais, ou os abusos nas obras públicas destrutivas, é a quenda agora da parte que lle toca á nosa ría sobre o Plano acuícola da Xunta. Pódese dicir que o xeito en que a Xunta tratou de vender o Plano Acuícola é unha estratexia de publicidade insostible. A campaña propagandística da Xunta non ten en conta diversos factores que deixan moi en entredito a suposta rendibilidade socioeconómica de tales instalacións para o conxunto dun país que ten na súa costa un dos seus activos máis importantes.

Así, Pesca preséntanos no seu plano a suposta salvación ante a sobreexplotación pesqueira mediante o cultivo. Esta identificación non só é hipócrita, Pesca non lle pon freo á sobreexplotación, como tratarei noutro artigo, senón que incluso é absolutamente falsa; é necesario lembrar que a materia principal de alimentación dos peixes de granxa é a proteína animal constituída sobre todo por fariña de peixe capturado no mar; porén, estamos paradoxalmente ante unha actividade que fomenta a sobreexplotación dos recursos.

Foto: Noelia Gil Riomao.

Tampouco fala Pesca dos obxectivos efectos detrutivos que os vertidos das granxas teñen sobre as augas da nosa costa. Pensemos en millóns e millóns de metros cúbicos de axentes químicos e antibióticos emanando constantemente das canalizacións e verténdose ao mar. Non é só a mera intuición o que nos pode facer imaxinar que os efectos disto non son precisamente inocuos, xa existen diversas analíticas que así o certifican, como as da Universidade da Coruña do profesor Manuel Soto.

As previsións de emprego que Pesca pretende facer crer no seu plano sectorial non son menos enganosas, o documento presupón unha relación lineal entre a cantidade de peixe producida e emprego creado: 1 posto de traballo por cada 11 toneladas métricas de peixe, supoñendo así que o incremento de postos de traballo seguirá unha proporción directa á produción; erro de consideración, pois resulta que o proceso de cultivo mariño en terra é un proceso altamente automatizado, o que implica que, dada a existencia de economías de escala, o aumento da produción non implica un incremento proporcional de empregos, senón menos que proporcional. E poderiamos falar tamén da calidade dese emprego á vista da precariedade laboral que, a experiencia nos demostra, se está a crear neste sector, porque non todo vale nunha sociedade que pretende ser avanzada e o feito de crear postos de traballo non implica patente de corso para os empregadores. E por suposto minimizouse a destrución de emprego doutros sectores da propia pesca, incluso se ignorou no Plano Acuícola o cultivo mariño no propio mar, coa importancia que ten en Galiza e sobre todo o potencial que podería ter. Outros factores, como a destrución paisaxística, nalgúns casos en zonas dunha gran beleza, a invasión do litoral, o propio impacto das obras de construción, etc. son postos de manifesto incluso polos propios órganos da Xunta, como aconteceu directamente nos informes da Dirección Xeral de Urbanismo e da Dirección Xeral de Patrimonio. O caso é que o goberno galego non aceptou nin unha soa das alegacións de veciños, colectivos, asociacións, etc.: iso é o diálogo coa sociedade civil que nos prometía o goberno bipartito! A cambio, un oligopolio de multinacionais conseguiron apoderarse dunha boa parte da costa, sen resistencia política.

Polo que máis de preto nos toca na ría de Muros e Noia, un dos proxectos que contempla o Plano Acuícola é a creación dun viveiro de orellas de mar no concello de Muros, na

localidade de Tal. Este proxecto é un dos poucos dentro do Plano Acuícola que se establece dentro dunha ría. A maior parte dos proxectos están establecidos no mar aberto, isto implica que a contaminación provocada polos efluentes das granxas se removerán algo mellor coas augas batidas. Pero isto non vai pasar en Tal, onde as augas son tranquilas, calquera vertido que se fai dentro da ría fai moito máis dano que o vai ao mar aberto, temibles as consecuencias sobre a rica fauna e flora submariña de Tal, un dos lugares máis ricos da ría. É curioso tamén o silencio que arrodeou este proxecto, ou o criadoiro de semente do Freixo, fronte a outros que espertaron máis polémica, como os exemplos xa fóra da ría da ampliación da granxa de Quilmas ou a instalación en Laxe Brava de Corrubedo, lugares onde, en paralelismo co lamentable proxecto do viaduto de Outes, outra vez se deu o esperpento duns grupos políticos que demostraron claramente, contradicións internas incluídas, os intereses polos que se moven, que non son precisamente os do País e os do seu desenvolvemento sustentable. Polo momento os señores das granxas mariñas poden brindar tranquilos en canto á ría de Muros e Noia se refire e incluso poden convidar a algún suposto representante político; non estaremos nesa festa os que valoramos a infinita riqueza da nosa costa e do noso mar.

Foto: Noelia Gil Riomao.

Funciona

R.F.

A contaminación e o deterioro das augas doces, e tamén salgadas, é un problema suficientemente coñecido por todos, polo que non creo necesario incidir sobre a súa importancia e gravidade.
Os sistemas convencionais de depuración de augas residuais permiten tratar caudais moi elevados con pouca necesidade de terreo, pero o custo da inversión e **mantemento** son altos, e esixen gran regularidade no caudal e carga contaminante dos vertidos. Por iso resultan especialmente indicados para grandes poboacións capaces de proporcionar vertidos regulares e **de asumir o custo que estes sistemas supoñen.**

Como alternativa ás técnicas convencionais de depuración a natureza desenvolveu unha serie de sistemas que aproveitan e potencian os procesos de purificación físicos, químicos e biolóxicos de forma espontánea.
Estes sistemas, que esixen elevadas superficies de terreo, presentan un baixo custo de inversión e mantemento e adáptanse ben ás variacións de caudal e carga contaminante nos vertidos, polo que resultan moi adecuados para as pequenas comunidades rurais.
Entre estes sistemas naturais encóntranse as lagoaxes, nas súas diversas modalidades, os sistemas de aplicación ao solo e os que utilizan as plantas acuáticas. Dentro deste último grupo, os que empregan plantas emerxentes parecen presentar perpectivas moi prometedoras e son estudadas en Europa e Estados Unidos.
Ben, isto é un resumo dunha editorial nunhas follas divulgativas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do ano 1989 –supoño que aínda non había Medio Ambiente–.
Os estudos destes sistemas, polo visto, comezaron en Alemania nos anos 50.
Estou falando da marea esa enseada que dá a benvida sen cartel aos que chegan á Serra. Resulta que é unha gran depuradora, sen gasto enerxético.
Outes, querendo ou sen querer, leva experimentando este sistema desde sempre, pero creo que a carga vai a máis, **non terá que ser vixiada para comprobar o bo funcionamento, e solucionar anomalías, ou mellorar se é posible.**
A simple vista aínda hai vida, tanto de insectos como vertebrados; hai unha palabra moi de moda: ¿será sostible?
Pero aí ao lado… *bueno*, todo o mundo foi a Noia.
Pola miña parte dou grazas de antemán a quen se preocupe, encarge, axude ou mande encargar algún tipo de estudo ou medición para saber como temos a **marea.**
Por se hai que axudarlle.

BOEL SEGURIDAD, S.L.
• Receptora de Alarmas
• Sistemas de Alarmas
• Portas Blindadas
• Extintores
• Caixas Fortes
OFICINAS E EXPOSCIÓN:
Avda. de Lugo, 2
SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono: 981 59 92 44

Mesón O' Candil
C/ José Antonio
Telef. 981 85 03
SERRA de OUTES

A CRISE ECONÓMICA ACTUAL

Kiko Vidal

No verán do 2007 comezouse a falar das *subprime,* e a economía mundial enfermou. Nembargantes, as *subprime,* que tamén poderiamos chamalas *hipotecas de merda*, non teñen a culpa de todo, se ben é certo que foron o detonante da explosión que veu despois.

Mentres o goberno español, tendo cerca un proceso electoral, disimulou o que puido, a desconfianza comezou a apoderarse de todos os sectores económicos. Primeiro foi o inmobiliario, co forte parón de vendas que deixou sen ingresos ós promotores, os cales xa estaban tocados pola merma de liquidez no sistema financeiro que provocaron as *hipotecas de merda dos ianquis*.

Pero o sector inmobiliario movía moito, e en España moito máis. A nosa economía vivira uns anos de gloria baseados en feitos pouco lóxicos. O exemplo máis evidente constituíano as estadísticas que dicían que en España case se facían máis vivendas que no resto de toda Europa xunta. A nosa dependencia deste sector de actividade era excesiva. Os Bancos e as Caixas medraban e medraban, metendo nos seus balances uns créditos dirixidos a financiar o *cemento con ladrillo*, que o tempo demostrou excesivamente arriscados, e que están provocando unhas *ratios* de mora descoñecidas e impensables para unha gran parte dos directivos das entidades financeiras. Se á falta de liquidez lle sumamos a morosidade, o resultado é o MEDO das entidades financeiras a prestarlles diñeiro ás empresas e ós particulares; se os bancos non prestan, as empresas non poden pagarlles ós seus provedores, e estes, á súa vez, teñen outros provedores ós que tamén lles teñen que deixar de pagar. En conclusión, *lío armado.* Entón, a maior parte da xente entoa o cántico de "A CULPA É DOS BANCOS".

Eu diría que os Bancos teñen parte da culpa, pero non toda. Son culpables por ter sido tan optimistas, e confiar en que non tería lugar, polo menos tan axiña, o *crak* do sector inmobiliario. Pero non soamente teñen culpa os bancos. Creo que tamén son culpables os nosos Promotores Inmobiliarios e a nosa Lei Concursal. Vou tratar de explicarme.

Os Promotores Inmobiliarios parece que están hoxe en día todos arruinados, pero digo eu: ¿onde está a *pasta* que gañaron todos estes anos? Aínda que acostuman ser bastante comedores e lles gustan os coches de alta gama –primeiro piso que vendo primeiro Mercedes que merco–, é imposible que todo canto gañaron, o gastasen en comer e en coches. Nalgún sitio están eses cartos. O Goberno tiña que investigar a onde foron parar os inmensos beneficos do sector nestes últimos doce anos, e a razón de que eses beneficios non estean servindo para poder atravesar este momento de parón.

A Lei Concursal imos coñecela todos moi axiña. É unha lei que veu substituír a antiga Lei de quebras e suspensións de pagos. Teño que crer que o lexislador, cando a concebiu, pensou que atopara un instrumento xusto, pois en teoría está pensada para que unha empresa que teña dificultades poida contar cunha marxe de tempo para reestruturarse e evitar o seu peche definitivo, e contempla métodos que perseguen que tódolos acredores comúns dunha empresa sexan tratados por igual; de feito a Lei Concursal pode tirar abaixo vendas de activos ou constitucións de hipotecas que non teñan máis de dous anos de antigüidade no momento no que unha empresa entre en Concurso de Acredores.

Na práctica, esta lei, o único que está conseguindo é que algúns despachos de avogados *listos* se estean facendo de ouro. De feito, a maior parte do patrimonio dunha empresa que entre en concurso, acaba sendo consumido polos gastos e honorarios de avogados e administradores concursais. Pero o máis grave é que esta lei está coartando ás entidades financeiras a arriscar o seu diñeiro cando unha empresa pase por problemas de liquidez. Imos ilustrar un caso. Imaxinemos unha empresa que, sendo viable economicamente, e sendo propietaria de activos fixos importantes (unha boa nave industrial, por exemplo) se encontra con que un dos seus mellores clientes lle impaga unha cantidade importante, o cal lle provoca un serio problema de tesourería. Esta empresa recurrirá ó seu banco, o cal podería, contra a hipoteca da nave, prestarlle a esta empresa os cartos necesarios para intentar superar o *bache*. Se así o fai, e a empresa supera o *bache*, todos contentos. Se o fai, e a empresa non supera o *bache* e acaba entrando en concurso, o señor XUÍZ anularía a hipoteca do banco, e este pasaría a ser un acredor común sen privilexios, e estes, nunha situación concursal, acaban cobrando só unha media dun 10% do importe do seu crédito. Ante esta posibilidade, o Banco vese obrigado a negar o crédito hipotecario, co cal a empresa do exemplo acaba indo ó garete, e arrastrando con ela a algún dos seus provedores, que é o que se chama o efecto *dominó.*

Pois ben, xa temos tres culpables: os Bancos e as Caixas, os Promotores Inmobiliarios e a Lei Concursal. Seguiremos falando.

Inauguración da sucurdal do Banco da Coruña na Serra de Outes.

MÚSICOS DE OUTES

Santi García

Corría o ano 1983 cando o solfexo facía a súa aparición polos colexios da Serra e o Cruceiro. Nunca tal cousa oiramos os que naquel embolado nos metemos; quizais por curiosidade, por iniciativa paterna, ou simplemente por acompañar ós amigos, a música entrou nas nosas vidas, da man daquel mestre alto, de voz agradable e sorriso amable. O gran D. Prudencio Romo, hoxe desgraciadamente desaparecido, foi o encargado de darlle saída ás nosas inquedanzas rítmicas e melódicas, non sen cargarse de pacencia, pois as clases non só servían para aprender, senón tamén para coñecer novos/as compañeiros e iniciar novas relacións sociais.

Despois do comedor, ou ás 17:00, ler, entoar, recitar teoría, foi a dinámica que semana tras semana nos levou ós nosos primeiros exames no conservatorio da Coruña, para moitos, a nosa primeira viaxe seria en autobús. Tiñamos que demostrar que todo aquilo valía a pena, e que as catro mil pesetas que pagaban os nosos pais/nais pola matrícula do exame libre, estaban ben empregadas…

E así foi, os/as de Outes triunfamos na cidade e logo de tanto tempo coa teoría e exames, un bo día apareceu polo colexio da Serra un camión que debía ser o dos Reis Magos, pois viña cargado de instrumentos. Estiveran durante un tempo expostos na de Cereixo, para que todo outense puidese ver aqueles metais que tanto chamaban a atención e que pouco despois comezaron a emitir os seus primeiros sons.

Logo de tantas clases de solfexo, por fin podiamos soprar por un artiluxio que emitía todos aqueles sons que ata entón só podiamos cantar. Era o xermolo da Banda de Música Municipal de Outes.

As bandas son unhas agrupacións musicais de entre 20 e 100 músicos que naceron en Galicia hai moitos anos (xa existían no s. XIX aínda que eran grupos máis reducidos e chamábanse requintas) para amenizar as festas con pasarrúas polas mañás, concertos ó mediodía e bailes pola noite.

En Outes xa antes existiran outras dúas: A banda de Salvador, coa súa orixe en S. Ourente, e A banda da Barreira; unha con 30 músicos e a outra con 20 aproximadamente. Máis tarde, cando a de Salvador se desfixo, derivou nunha agrupación máis pequena: Os Airiños de S. Campio.

Aquel ano no que nacía a nosa banda, foi un ano de traballo intenso; ensaiabamos tres ou catro días por semana ademais das clases de solfexo e instrumento. Foi moito traballo, pero pagou a pena, pois en setembro de 1985, a festa de Entíns tivo a honra de ser a escollida para a primeira actuación da banda municipal. Pantalón gris, camisa branca, e gravata de coiro marrón, era o uniforme que estrearon os/as corenta e dous músicos que naquel momento amosaron todo o que aprenderan.

Hoxe en día, logo de 23 anos, a banda xa conta cun currículo, cando menos bastante amplo, actuando por toda a xeografía galega, en Portugal, así como en distintas aparicións en varios programas da TVG e da Radio Galega.

En todos estos anos de existencia, estivo dirixida por: D.Prudencio Romo, D. Rafael, D. Manuel Abelleira, D. Alfonso Salvatierra e o actual director D. Manuel Blanco Dosil, que leva 12 anos á fronte desta formación.

Estes dous últimos anos, a Banda de Outes estivo participando no Proxecto Musical Brilou, xunto coa banda de Lousame e a Banda de Brión, conformando as tres unha única agrupación de forma ocasional para dar os seguintes concertos: no Auditorio de Galicia, especial da TVG en recordo de Prudencio Romo, certames de bandas de Outes, Lousame e Brión, Certame de Bandas de Ogijares (Granada) e no I Encontro Internacional de filarmónicas de Figueira da Foz (Portugal).

A Banda Municipal de Outes conta actualmente con 34 compoñentes de distintas idades, na súa maioría entre os 12 e os 30 anos, mantendo unha constante como é a xuventude que dende o seu principio a caracterizou, sendo unha minoría os maiores de 30 que conforman os únicos catro músicos que cumpren 23 anos xunto coa propia banda dende a súa fundación.

Aquí podemos ver a algúns dos membros o día da Festa da Vitalla, unha das últimas iniciativas da agrupación, xunto cos cursos de Música en Primavera, o Certame de Bandas de Música, O Proxecto Musical Brilou, os concertos didácticos… e nestes momentos inmersos no empurre definitivo para que Outes sexa un gran centro de educación musical grazas á creación da Escola Municipal de Música, que esperemos non tarde moito en abri-las súas portas grazas á boa disposición do concello. Non queda máis que pedirvos que acheguedes ós vosos nenos e nenas ó local da banda para apuntarse ás clases, desta maneira poderán converterse en membros da Banda Municipal de Outes, a vosa banda.

EESTI LUULE: Unha viaxe ás costas do Báltico

Manuel do Río Rodríguez

Entre as escasas medidas que a Unión Europea e o noso goberno teñen levado adiante para fomentar a interrelación entre os habitantes do Vello Mundo están certas bolsas para o estudo e aprendizaxe de linguas oficiais doutros países da U.E. Facendo uso dunha delas, o verán pasado viaxei a Estonia, unha pequena nación (son apenas 2 millóns, millón e medio de falantes de estonio) con moitos paralelos á nosa, aínda que cun periplo máis exitoso polo momento no proceso de construción nacional e literaria.

A chegada ao mar norteño, que se conxela no Inverno, creando un panorama de imaxinación e pesadelo, meseta xeada lambendo estas costas recortadas, tivo lugar algo antes de tempo, o que me deu tempo de facer algo de turismo por *Riga*, a capital de Letonia (país veciño ao que visitaba, mais cun aeroporto internacional. A viaxe posterior a Tartu, onde tivo lugar o curso, resultaba máis breve dende Riga que dende a capital de Estonia). A arquitectura desta enorme cidade é do máis variopinto, conxugando un magnífico casco vello con igrexas e pazos dun estilo claramente alemán, hanseático (despois de todo, estas terras foron colonizadas por moitos anos polos xermanos). Destacan a catedral de *San Pedro*, a *Torre da Pólvora* que é hoxe o Museo de Historia (única que queda da cidade medieval), as tendas cheas de colares e demais chucherías en ámbar, que é a especialidade local, *o Gremio dos Mouros* (un edificio espléndido derrubado polos rusos, que o consideraban exemplo de 'arte alemá decadente') e xunto con este, o museo da ocupación –Nazi e Soviética– do país; alén da cidade vella, o máis característico de Riga son as súas casas e rúas de estilo Modernista local (*Elisabete*, *Alberta* e *Strelniki*), cheo de caras berreantes de estuco e opereta, atlantes e formas retorcidas, *horror vacui* de xeso e cemento e tódolos recursos habidos e por haber. Riga érguese como unha Barcelona nortesca, onde o Gaudí local era Mikhail Eisenstein, o pai do que anos despois se convertiría no xenial cineasta soviético Serguei Eisenstein. O telón de fondo son o seu río, cuberto de pontes vangardistas e edificios recentes de diseño, as grandes zonas axardinadas e as rúas con nomes de cidades hanseáticas, e un xigantesco rañaceos do Clasicismo Estalinista que estende a súa pesada sombra por riba do mercado e a estación de autobuses.

A viaxe nestes levoume a Tartu, a cidade universitaria e capital informal do sur de Estonia. Podedes imaxinala como unha Compostela Septentrional. Cunha antiquísima historia (aparece en crónicas xa no século IX, a mesma época en que nace Santiago), rápido se converteu na sé do Bispado máis importante da zona. O Bispo de Tartu era gran señor feudal, e dominaba o territorio dende o alto do maior outeiro, onde se erguía a *catedral* (Gótica en tixolo, típica arquitectura nórdica) máis outa do Báltico. Coa Reforma os protestantes queimaron a catedral e chimparon ao Bispo, e as súas ruínas son hoxe espazo para celebracións de teatro no verán, e dan cabida ao museo da Historia da Universidade.

Pouco ficou da vella arquitectura, xa que a cidade sufriu varias guerras e devastacións ao longo da súa accidentada historia, asediada por alemáns, suecos, polacos e rusos. Alén do restos da catedral e da Igrexa de San Xoán (*Jaani Kirik*) (con cerámicas e terracotas medievais, e onde hoxe fan concertos), a maior parte do actual casco vello é do século XVIII, nunha coidada arquitectura neoclásica que é o selo máis distintivo da cidade. Os seus espazos emblemáticos son a *Universidade*, unha tarta branca de columnas e frontón austero, e a Praza do Concello (*Raekoja Plats*), a carón do río local, o *Emajõgi.* Nun tempo pasado traspasaba as augas unha ponte de pedra dos tempos de Catalina a Grande, mais as desfeitas da Segunda Guerra Mundial deixaron apenas anacos soltos, e os rusos construíron unha peza de fea de formigón para ocupar o lugar da primeira ponte maxestuosa. O resto da praza sobreviviu mellor, cos seus dezaoitescos edificios de cores brancas, amarelas, azuis e rosadas. Destaca un clásico edificio inclinado, hoxe museo de pintura, e o propio edificio do Concello, de influencias holandesas, e do ano da Revolución Francesa (1789). Diante deste está a fonte e a estatua dos namorados, a carón da cal se xuntan os estudantes de Tartu nos meses de verán, cando o pesado manto da neve non cubre as estreitas rúas coa súa brancura impenetrábel.

Outros espazos dignos de mención e visita, e que o visitante non debera perder son o Xardín Botánico (anque a cidade está chea de parques, as especies e a orde do Xardín son verdadeiramente marabillosas, con especialidade en pequenas cascadas e breixos de tódalas cores), o Museo dos Xoguetes (o edificio mesmo parece unha casiña de conto de fadas, e dentro podedes topar marionetas de tódolos países), ou a Ponte dos Anxos, que cruza por riba das rúas unindo os outeiros da vila, onde están a antiga Catedral e varios dos edificios, estatuas e museos da Universidade. É tradición pedir un desexo a primeira vez que se cruza, e disque sempre se fixeron realidade...

Na faceta máis frívola, Tartu é unha cidade estupenda para comer e divertirse. A cociña é tipicamente balto-xermánica (carnes abondosas, pan negro, patacas, sopas espesas), e a especialidade local é unha cervexa riquísima que trouxeron ao país uns cervexeiros franceses na época napoleónica: a A. Le Coq, con dúas variantes (loira e escura; a segunda é a que recomendo, con fortes tons afroitados), e os prezos, en xeral, son moi asequíbeis. Para aqueles apegados ao viño (beberaxe escasamente consumido por estos lares), hai unha bodega xigantesca a carón da estatua de el-rei Gustavo Adolfo onde podedes probar os clásicos doutras costas e países, incluído unha variante local con baias estremadamente doce...

Tartú, capital do sur de Estonia.

Rúa do Poeta Añón

Ramón Blanco

Desde sempre, foi do agrado das persoas nomearmos os lugares que habitamos. Para a nosa sorte, a toponimia é o único patrimonio cultural cuxa conservación non require cartos ningúns. Coa crecente urbanización de Galiza, co progresivo avance das vilas e cidades fronte aos espazos rurais ("Era aquel o porvir que ja soa / E d'as probes aldeas fay vilas…", lembrabamos no número anterior), vén parella a desaparición de moitos topónimos tradicionais, que van pasar a ser substituídos polas novas rúas. E aínda esta neotoponimia urbana non está libre de sucumbir por imperativo do contexto socio-político de cada época (mesmo moitos anos despois algúns destes topónimos urbanos volven recuperarse). Non imos agachar, e que vaia por diante, a nosa querenza pola toponimia tradicional, que nos gustaría que fose priorizada ante a nova nomenclatura de rúas e prazas. Téñase en conta que en moitas ocasións a pseudoburguesía decimonónica galega preferiu rebautizar con nomes de "ilustres –e non tan ilustres– varones" as rúas e ruelas que xa tiñan nome popular desde épocas antigas. E esta foi a moda que triunfou. Por iso nos parece loábel o bo criterio que tiveron os responsábeis de que na cidade de Pontevedra, polo menos no seu casco vello, figuren xunto cos nomes modernos, os nomes tradicionais de prazas e rúas.

Non podemos esquecer que tamén na cidade de Pontevedra hai unha rúa dedicada a Francisco Añón, e isto lévanos a que hoxe, como contrapartida (mais sen obviar o arriba escrito) queiramos tamén alabar que haxa persoas (algunhas incluso dedicadas á política) coa suficiente sensibilidade como para apadriñar con este escritor a nova realidade espacial que supón a rúa sobre o territorio que antes non era urbano. Xa que arrincamos un topónimo tradicional e popular, sementemos un antropotopónimo literario (e, no caso do noso poeta, tamén popular).

A idea de escribir este artigo veunos dada o pasado 4 de decembro, cando se presentou na cidade da Coruña, na Biblioteca Provincial (Rúa Rego de Auga), o libro *A cidade dos Xornalistas. A Coruña: 53 rúas e prazas con historia*, que vén de editar a Asociación da Prensa da Coruña, baixo o patrocinio da Deputación Provincial. Trátase dunha orixinal iniciativa na que se bosquexa a biografía daquelas persoas que destacaron pola súa dedicación profesional ao xornalismo, e cuxa sona os fixo merecentes dunha rúa ou praza dedicada nesa cidade. Como xa poden adiviñar, unha das reseñas biográficas presentes no volume corresponde ao noso querido poeta, pois na Agra do Orzán sitúase a rúa que o recorda en placa bilingüe (na Coruña sempre lles foron moi liberais e moi politicamente correctos): "CALLE / RUA FRANCISCO AÑON". O texto aparece acompañado por unha reprodución de dita placa, un esquemático plano situacional, o retrato do autor gravado por R. Balaca e unha fotografía do aspecto actual da rúa.

Esta nova publicación, sen dúbida o máis recente dos "papeis de Añón", vén sumarse en intención a un proxecto que xa ensaiara o diario *El Ideal Gallego*. Así, temos a man outro "papel" que é fotocopia dun texto publicado nese xornal o 28 de marzo de 1983, nunha sección titulada "Nuestras calles", e que nesa ocasión se ocupaba de "Francisco Añón". Comeza así: "La calle de Francisco Añón comienza en la de Villa de Negreira y termina en la Plaza del Comercio". Despois relata a biografía do escritor, con algunha errata, pero con bastantes acertos. O artigo aparece sen asinar e a sección gráfica supera en tamaño ao escrito: unha ampla fotografía da mesma rúa naquel tempo, algo solapada polo retrato, recortado en primeirísimo plano.

Pero quen isto lea, estará agardando, e non sen razón, que nos refiramos dunha vez á Rúa Poeta Añón sita no noso centro municipal, comunicando a aldea de Boel co parque da Cruz. Queda claro que non podía ser elixido mellor emprazamento ca este. En Boel está a que oficialmente consideramos casa natal do poeta, e mesmo o (apócrifo?) Pazo de Añón; edificacións de diferente fortuna arquitectónica, pero de evidentes e similares evocacións simbólicas, constituíndo dúas casas de innegable sona no concello. Por iso, de ter unha rúa o poeta na súa terra natal, era ese o lugar ideal, ademais coa circunstancia de que a rúa comunique a vila coa aldea, de xeito natural, case harmonizado, como queriamos ao inicio destas liñas.

No libro *Efemérides de Outes* (X. X. Mariño Reino e X. F. García Suárez. BNG, Outes, 1999) dáse conta dalgunhas tentativas e problemáticas que houbo nos anos noventa para eliminar os nomes franquistas das rúas do concello. Precisamente un dos autores dese libro recórdanos desde as páxinas desta revista, neste mesmo exemplar que vostede está a ler, que a actual Avenida de Fisterra foi noutrora Avenida de José Antonio. Que ninguén diga que a memoria histórica se inventou no 2006. E aínda que a memoria non poida chegarnos a 1933, si podemos constatar que xa nese ano existen referencias nas actas municipais nas que se nomea como Rúa poeta Añón á que pasa por onda a casa do escritor de Boel (e así consta no folleto-guía do roteiro literario *Polas terras de Añón*).

Outro edificio emblemático, xa simbiotizado coa rúa, é o "IES Poeta Añón", que foi inaugurado o 11 de marzo de 1999. No mesmo ano, no mes de setembro, e xusto ao lado do instituto, no número 17, abría as súas portas a Librería "Poeta Añón", único referente actual no recoñecemento ao autor no sector privado de Outes.

Aínda non queremos rematar sen lembrar que no cabo da rúa, pola parte da Cruz, érguese a fermosa casa, construída en 1939, en cuxa planta inferior se acha a popularmente coñecida como "Farmacia de arriba", hoxe felizmente restaurada. E non podía haber fin máis idóneo para este paseo pola rúa do poeta Añón ca rematar na praza e parque da Cruz, malia que xa perdeu a importancia que tiña cando aquela era a sede da feira do gando, un dos poucos e tímidos motores da economía outense no pasado.

Lavandeiras e Labregas diante do lavadoiro.

Santiago Nieto

Imaxes dun patrimonio que parece diluírse diante dos nosos ollos, como o seguinte chanzo que irremediablemente nos transporta cara un futuro mellor?, máis prometedor?... Toca desbotar calquera símbolo que nos recorde antigas épocas, que nos vencelle ao noso pasado, á nosa identidade?

Non era consciente o fotógrafo de que, captando este momento, nos faría formularnos algunhas diatribas arredor da influencia que hoxe en día exercemos na nosa contorna, cómo foron cambiando os costumes e as interacións sociais das xentes. Como imos construíndo sociedades e individuos máis illados, e por outro lado, abrindo novas canles de comunicación como son as novas tecnoloxías e o mundo da internet.

Un alto no quefacer diario para sorrir diante da cotidianidade do traballo, lavandeiras nun lavadoiro público –que, por certo, xa non existe–, labregas cargando coa colleita. Mulleres dun tempo... que foi para elas, cinguido ao traballo doméstico e á familia.

Era e aínda segue a ser hoxe difícil –para moitas mulleres–, saír destes encadramentos e doutros que a sociedade –certa sociedade–, nos intenta marcar sen sentido ningún e que o único que conseguen é facernos a tódalas persoas menos libres. Nestas sociedades máis "tradicionais", certos resortes están deseñados para que a dificultade de rachar con eles non sexa tan doada, para que ese clixé trazado cara certas "normas socializadoras" non sexa tan fácil de derrubar.

Por outra banda, está o progreso, que, para moitos, vai xunguido a rachar con todo elemento que nos vencelle ao pasado. Rexeitamento que nos leva a destruír parte do noso patrimonio, dos nosos bens máis prezados e diferenciadores, levando por diante hórreos, lavadoiros... A especulación urbanística e a *"mellora"* na construción da vivenda levounos a apostar cara a unha fuxida de todo elemento tradicional da construción típica popular galega, en prol do azulexo, aluminio, PVC... co pretexto de darlles a benvida a novos xeitos de vida máis liberadores, menos escravizantes, materiais que apenas precisan mantemento? Respectuosos co medio ambiente?... Ninguén dubida que unha sociedade máis próspera e liberadora se entende en termos de comodidades... pero non a calquera prezo.

Construír aldeas e cidades non implica rachar coa concepción urbanística e de protección do patrimonio, que nos leva a edificar moles ao lado de igrexas, levantar lavadoiros para construír aparcadoiros, tirar muíños, hórreos, etc... Nin tampouco someter a mulleres e homes con postulados totalmente obsoletos que o único que conseguen é coaccionarnos e facernos menos libres.

Imos camiñando cara á *sociedade do benestar*, cara á *sociedade da comodidade*, cada produto aparece individualmente controlado no seu envase que, ás poucas horas, pasa a engrosar a cantidade de 342.432 quilos de material de desfeito dunha pequena cidade, as aldeas cada vez aparecen máis despoboadas; nós cada vez temos menos tempo para comer, para relacionarnos, para compartir. Pero máis tempo para qué... para estar cerca de 4 horas ao día, de media, diante do televisor, ou saíndo a mercar máis e máis cantidade de cousas que nos ofrece o mercado global e que non nos farán máis ditosos...

Pensar e reflexionar o menos posible, facer cidadáns pouco críticos coa nosa contorna... deixándonos levar pola corrente. Ao fin, seguramente a moitos de nós nos seguen aleccionando para que pensemos que dificilmente imos cambiar algo. Aínda que, ás veces, o destino dános a cara e míranos de fronte, só entón pensamos que somos quen de modificar moitas das cousas que non nos gustan, e só así, posiblemente sexamos capaces tamén de mirar de fronte coma esa mirada limpa e directa das mulleres protagonistas deste tempo retratado.

Novos Artistas

Este *collage* foi galardoado co 2º premio na categoría de 1º ciclo da ESO do certame de pintura convocado pola Asociación *Terra de Outes* en abril de 2008 para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón.

A súa autora no curso 2007-08 era estudante de 1º da ESO do Instituto *Poeta Añón* da Serra.

Título:
Monumento de Añón.
Autoría:
Monserrat López Queiro